



Concello do Porriño

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, PARA A COBERTURA DE CINCO (5) PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, CUXAS BASES PUBLICÁRONSE NO BOPPO N° 137, DE DATA 18-07-2019.

PUBLICACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO TRIBUNAL

Reunido no día da data o Tribunal cualificador e tendo en conta que a Academia Galega de Seguridade ten previsto desenvolver o curso selectivo de formación a mediados de xaneiro 2020, curso ao que obrigatoriamente deberán asistir os opositores que resulten propostos, e coa finalidade de rematar este proceso selectivo a tempo para poidan asistir ao devandito curso, de conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Aplicar ao procedemento a tramitación de urxencia, polo cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

SEGUNDO.- Ao remate da realización do 1º exercicio tipo test, a desenvolver no día de hoxe 26-12-2019, publicarase a plantilla de respostas correctas no taboleiro da Sede Electrónica, no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web, municipal www.oporrino.org, concedendo un prazo de **dous días naturais**, contados desde o día seguinte a súa publicación, para a presentación de alegacións.

TERCEIRO.- Os aspirantes que presenten alegacións ao 1º exercicio, amais de facelo a través dos medios que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para non interferir nos prazos, deberán envialas tamén á dirección de correo: administracion.policialocal@oporrino.org.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes que non acreditaron xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel “celga 4” para a realización da proba sobre coñecemento da lingua galega, debendo comparecer:

-O día 30-12-2019, ás 09:00 horas, no Centro Neural, sito no Edif. Multiusos, Torneiros - O Porriño.

Soamente se terá en conta o resultado da proba sobre de coñecemento da lingua galega para aqueles opositores que superen o primeiro exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, así como de bolígrafo de cor azul.

QUINTO.- O Tribunal reunirse o mesmo día **30-12-2019**, na Casa Consistorial, unha vez rematada a proba de coñecemento da lingua galega, para a realización das seguintes actuacións:

a).- Resolver no seu caso as alegacións presentadas ao 1º exercicio e publicación da plantilla definitiva de corrección.

Concello do Porriño



Concello do Porriño

- b).- Corrección do cuestionario de 100 preguntas, tipo test e publicación da relación de aspirantes que o superasen, coa indicación de puntuación obtida.
- c).- Corrección da proba de coñecemento da lingua galega e publicación do resultado.
- d).- Efectuar as publicacións que correspondan no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web, municipal www.oporrino.org.

O Porriño, 26 de decembro de 2019

O Presidente do Tribunal



Jesús Martínez Pardo

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL
DOCUMENTO:
Data inicial de exposición: **26-12-2019**
Data final de exposición: **28-12-2019**
O Porriño, a de de

Concello do Porriño